



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2011

Ás 10.05 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Sr. Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa Orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**, xustifican a súa ausencia Alberto Valderruten, Horacio Naveira Fachal, Carmen Barreiro Daponte e José María Castrillo Neira.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor da paso ao primeiro punto da orde do día, que nesta sesión é a aprobación da acta da sesión anterior.

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 15 de novembro de 2011

Tras a lectura da acta, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, apróbbase por asentimento.

2. Informe do reitor

O reitor informa da reunión onte en Vigo do Comité Executivo do Campus do Mar de Vigo, en que se avanza para a constitución dunha escola de doutoramento internacional.

Tamén se deron os primeiros pasos para conformar a Conferencia de Reitores das Universidades do Suroeste de Europa (SUDOE), que reúne as universidades de Castela-León, Galiza e Norte de Portugal nunha rexión comunitaria.

Informa tamén sobre o resultado da elección de reitor realizada o pasado día 13 de decembro, en que resultou gañador o profesor Xosé Luís Armesto Barbeito.

No Consello Galego de Universidades da semana pasada anunciouse a idea de que está en preparación un borrador de Lei galega do sistema universitario de Galicia. Só se informou sobre o índice do borrador.



Luis Barral toma a palabra para dar conta da rede de viveiros de empresa de Galicia e do convenio coa Fundación Barrié para financiar dúas liñas de investigación de dous grupos de investigación por un importe total de 500.000 €. Presentouse o 24 de novembro en Ferrol o Estudo de competencias específicas das ensinanzas tecnolóxicas da UDC, elaborado polo observatorio ocupacional e financiado por MEGASA. Finalmente, dá conta da resolución da convocatoria pública de cesión de espazos para os proxectos empresariais e grupos da UDC no CITIC.

Concepción Herrero dá conta do envío ao PDI da circular do Ministerio do 19 de decembro sobre as convocatorias, que se adían co traspaso de poderes entre gobernos. Informa da reunión dos tres vicerreitores de investigación coa Consellaría o día 15 de decembro, así como da reunión de BUGALICIA, prevista para o vindeiro día 23. A situación é delicada, porque non se ingresou aínda a achega de 2011 e descoñécese o importe da súa subvención.

O reitor informa do nomeamento de Marta Rey García como directora da Cátedra INDITEX de responsabilidade social.

A continuación toma a palabra o secretario xeral, para informar da peculiar situación normativa actual dos convenios de prácticas.

O 14 de novembro, a Secretaría Xeral enviou aos centros unha circular informativa e aclaratoria sobre o pagamento das cotas da Seguridade Social aos estudantes en prácticas, como consecuencia da publicación no BOE do 27 de outubro de 2011 do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

Porén, o BOE do pasado sábado 10 de decembro contén o Real decreto 1707/2011, do 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, e que entrou en vigor o día 12 de decembro.

Este Real decreto, que substitúe o vello Real decreto de 1981, sobre programas de cooperación educativa, contén distintas determinacións que obrigan a adaptar os nosos convenios-tipo. A Secretaría Xeral está xa traballando para adaptar o máis axiña posible os nosos convenios tipo ás determinacións do novo Real decreto.

Polo que agora interesa, na disposición adicional primeira deste Decreto dise, literalmente, que *“los mecanismos de inclusión en la Seguridad Social*



contemplados en Real Decreto 1493/2011 de 24 de octubre (...) no serán de aplicación a los estudiantes universitarios que realicen las prácticas académicas externas a que se refiere este real decreto”.

O vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa de que na última Comisión de Asuntos Económicos se tratou o estado do Plan de financiamento. O plan de sustentabilidade presentado pola UDC segue pendente de resposta oficial por parte da Consellaría, aínda que xa iniciaron os trámites para o pagamento correspondente a 2011. Enviáronse os indicadores do contrato-programa, que terán repercusión orzamentaria a partir de 2013, e dos que 12 mostran unha evolución favorable, 6 desfavorable e 2 están pendentes.

Presentáronse tamén na última Comisión de Asuntos Económicos os datos correspondentes aos indicadores do plan estratéxico para o ano 2010. Un 68% dos indicadores teñen cumprimento alto, un 14% parcial e un 18% baixo, o cal se considera satisfactorio no contexto económico recente. Cualitativamente, salientase o cumprimento no apartado de docencia, o que confirma a fortaleza da UDC nesta área, infravalorada no plan de financiamento. No apartado negativo atópanse os indicadores da área de infraestruturas, circunstancia xa advertida na programación económica, en que se advertía a necesidade de adiar investimentos e na que existe corresponsabilidade doutras administracións.

Finalmente, o vicerreitor dá conta dos expedientes de imputación informados nas comisións de asuntos económicos dos días 22 de novembro e 15 de decembro (Informes V-0013-11 e V-0014-11 do Servizo de Intervención de por importes de 2.077,87 € e 99.174,78 €) e dos expedientes de validación aprobados nesas comisións de asuntos económicos (Informes C-0007-11 e C-0008-11 do Servizo de Intervención do 30.11.2010 por importes de 296.523,40 € e 198.160,71 €)

3. Informe sobre a prórroga do orzamento da Universidade

O vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica toma a palabra para expor a necesidade de prorrogar o orzamento 2011 para o ano 2012 debido a que neste mes de decembro tiveron lugar as eleccións a reitor, e para non condicionar a política do novo equipo de goberno, decidiuse prorrogar, e non comprometer excesivamente partidas do exercicio futuro, máis aló do que necesita razoablemente a institución (expedientes plurianuais e anticipados de gasto).



Con carácter xeral estará dispoñible para o gasto en 2012, á espera de que o novo equipo elabore o orzamento, o 40% dos créditos de 2011, ademais dos compromisos de gastos plurianuais e anticipados. Estarán dispoñibles o 100% dos capítulos I (persoal) e V (fondo de continxencia).

O exercicio iniciárase, previsiblemente, nos primeiros días de xaneiro. Espérase acelerar as incorporacións de crédito.

Na quenda de intervencións Xurxo Dopico pregunta se a xestión do IVE vai continuar como no ano 2011, a que se lle contesta afirmativamente.

O Consello de Goberno toma razón do informado.

4. Liquidación do exercicio 2010

A xerente explica que a liquidación de 2010 que se presenta xa foi auditada pola auditoría contratada polo Consello Social. A xerente explica as magnitudes principais desa liquidación, así como o estado actual da tesouraría da Universidade, que acusa xa algunhas tensións pola falta de ingresos en prazo desde as administracións financiadoras.

O vicerreitor salienta que con esta liquidación achéganse 4 millóns de euros como aforro para os seguintes orzamentos, aínda despois de establecer provisións voluntarias por 2,3 millóns para a devolución de anticipos e outras continxencias.

Na quenda de intervencións, o profesor Luis Castedo agradece as explicacións da Xerencia e de VEPE, pero indica que non deu tempo a estudar o documento enviado o venres.

En quenda de réplica, o vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica sinala que non se pode adiar, porque ten que aprobarse hoxe pola tarde no Consello Social. Aclara que o documento estivo pendente da aprobación da empresa auditora, pero que se entregou en tempo e prazo. Sobre a complexidade do documento, matiza esa idea, porque a liquidación é, de seu, un documento máis simple e técnico que o orzamento, en que se recolle toda a información contable. A discrecionalidade política é mínima.

A xerente tamén explica que a liquidación foi informada favorablemente pola Comisión de Asuntos Económicos, presentada polos auditores. Igualmente



fixo a Comisión de Asuntos Económicos do Consello Social que tivo lugar onte, día 19 de decembro.

O profesor Castedo insiste en que non lle deu tempo a ler o documento con calma, e pide que se retire da orde do día.

Manuela Pinazas matiza que a liquidación non é estritamente técnica, porque pode non coincidir co seu orzamento. Os responsables económicos insisten en que a liquidación reflicte o efectivamente executado.

Portela anuncia o seu voto en contra, por coherencia co seu voto contra os orzamentos de 2010, por non recoller as aspiracións do seu colectivo.

Tras a correspondente votación, a liquidación apróbase por 30 votos a favor, 1 en contra e 7 abstencións, segundo consta no **anexo III**.

5. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo IV**, que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (7), convenios específicos (16) e convenios para prácticas (46) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

6. Convocatoria de prazas de PDI

Apróbase por asentimento a convocatoria de dúas prazas de titular de universidade para as áreas de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial e Estatística e Investigación Operativa, de conformidade co **Anexo V**, por transformación de dúas prazas de contratado doutor.

Tamén se aproba, de conformidade coa proposta recollida no **Anexo VI**, a convocatoria de tres prazas de PDI contratado: unha de contratado doutor para a área de Ciencia Política e da Administración; outra de colaborador para a área de Enxeñaría Eléctrica; e outra de contratado interino de substitución para a área de Didáctica das Ciencias Experimentais, pola renuncia da profesora Concepción González Rodríguez.



O terceiro cadro de prazas que se aproba e que figura como **Anexo VII**, contén dúas prazas de profesor asociado para cubrir docencia no segundo cuadrimestre de varios mestrados: o de Psicoloxía Aplicada (P03) e para varios mestrados (PO6).

7. Aprobación dos tribunais das prazas de PDI

Sométense a aprobación os tribunais das dúas prazas de PDI aprobadas e que se recollen no **anexo VIII**.

Apróbase por asentimento.

8. Proposta de nomeamento de profesores honorarios

Xosé Luís Armesto expón a proposta de profesorado honorario, por un período de dous anos, a favor do profesor Ramón Gómez Rodríguez, da área de Máquinas e Motores Térmicos.

Apróbase por asentimento a proposta que figura como **anexo IX**.

9. Convocatoria de decembro do Programa de Promoción do PDI acreditado

Trátase do cumprimento semestral dos compromisos acadados en materia de PDI, conforme ao cal se propón dotar dúas prazas de catedrático por rama de coñecemento para aqueles profesores que foron acreditados perante a ANECA.

O profesor Casteleiro considera modificable a nota de corte (terzo superior dos datos estatísticos publicados pola CNEAI sobre a media de sexenios en cada rama de coñecemento), ao seu xuízo moi alta.

10. Premios extraordinarios de fin de carreira

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións expón o cadro proposto polos centros para a concesión de premios extraordinarios de fin de carreira que se aproba por asentimento e que figura como **anexo X**.

11. Modificación do Regulamento de estudos de doutoramento

A vicerreitora de Investigación explica que se trata dunha modificación parcial, do noso Regulamento de estudos de doutoramento, como



consecuencia do Real decreto de 2011, que foi aprobada por unanimidade na Comisión de Estudos de Doutoramento do 29 de novembro de 2011.

Miguel Muñoz pregunta se vai haber un formato unificado das teses. A vicerreitora di que iso xa está normalizado para o formato electrónico de arquivo, pero non está normalizada a edición en papel para a defensa.

Manuel Casteleiro pregunta sobre a *vacatio legis*. A vicerreitora aclara que o 12 de febreiro é unha data prudente.

Apróbase por asentimento segundo figura no **anexo XI**.

12. Aprobación do doutoramento en Nanomedicina para a súa implantación no curso 2012/2013

A vicerreitora de Investigación retira este punto da orde do día por falta de documentación. Trátase dun doutoramento interuniversitario e internacional, coordinado pola USC.

13. Quenda aberta de intervencións

O reitor abre a quenda aberta de intervencións, en que solicitan intervir os seguintes membros:

Xosé Portela

Critica que as promocións do persoal só se faga para o PDI, pois para o PAS non hai nada desde o ano 2005. Pregunta de novo sobre a política de negociación co PAS.

Pregunta sobre os claustros que ten que haber no ano.

Amelia Fraga

Pregunta á vicerreitora de Organización Académica e Titulacións que premios extraordinarios quedaron desertos.

Luis Castedo



Pide que os regulamentos sexan enviados con máis antelación para poder analizalos con calma. Tamén pregunta sobre o correo electrónico enviado por IESGA o día 12 de decembro por listas institucionais de estudantes.

Replica o secretario xeral, subliñando que foron aplicados os criterios habituais no envío de correos electrónicos polas listaxes institucionais.

O reitor remata despedindo o equipo de goberno actual co seu agradecemento polos servizos prestados e a colaboración de todos ao longo destes anos.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:30 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral
Carlos Amoedo Souto

O presidente
José María Barja Pérez